



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Literatura Galega Contemporánea 2 | Código | 613G02036 | |
| Titulación | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Galego-Portugués, Francés e Lingüística | | | |
| Coordinación | García Negro, María Pilar | Correo electrónico | maria.pilar.garcia.negro@udc.es | |
| Profesorado | Fernandez Perez-Sanjulian, Carme García Negro, María Pilar | Correo electrónico | carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es maria.pilar.garcia.negro@udc.es | |
| Web | www.udc.es/filo | | | |
| Descrición xeral | Coñecemento das principais etapas, movementos literarios e autores máis representativos da Literatura Galega do século XX. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A3 | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria. |
| A4 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega. |
| A7 | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A17 | Ter un coñecemento avanzado da literatura galega. |
| A19 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes. |
| A23 | Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega. |
| A27 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |



| | |
|----|---|
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|--|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos. | A1 A2 A3 A4 A10 A11 | B1 B2 B5 B7 | C1 C2 C4 |
| Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega do século XX. | A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 A23 | B1 B3 B7 | C1 C4 C6 |
| Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma | A1 A4 A7 A10 A11 A14 A17 A19 A23 A27 | B3 B5 B8 B10 | C1 C4 C7 |
| Aplicar as técnicas de análise cultural, considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos | A1 A2 A3 A4 A10 A11 A15 A17 | B4 B5 B7 B9 | C1 C7 |
| Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos da creación literaria. | A1 A2 A4 A10 A11 A15 A17 | B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 | C1 C6 C8 |



| | | | |
|---|-----|-----|----|
| Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués. | A7 | B1 | C1 |
| | A10 | B3 | C4 |
| | A11 | B4 | |
| | A14 | B5 | |
| | A15 | B8 | |
| | A17 | B10 | |
| | A19 | | |
| | A23 | | |
| | A27 | | |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1.- Introducción xeral á literatura galega do S. XX. | 1.1.- Cuestións metodolóxicas. 1.2.- Caracterización xeral. Periodización. |
| 2.- As Irmandades da Fala e a "Xeración do 16";. | 2.1 Ramón Cabanillas 2.2 Vicente Risco 2.3 Alfonso D. R. Castelao 2.4 Ramón Otero Pedrayo |
| 3.- Os novecentistas | 3.1 Manuel Antonio 3.2 Luis Amado Carballo 3.3 Eduardo Blanco Amor 3.4 Outros autores: Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey |
| 4.- A literatura de posguerra e o exilio ás dúas beiras do Atlántico: continuidade e ruptura. | 4.1 Alfonso D. R. Castelao 4.2 Luís Seoane 4.3. Eduardo Blanco Amor 4.4. Álvaro Cunqueiro |
| 5.- A recuperación literaria no interior a partir de 1950. | 5.1. Celso Emilio Ferreiro 5.2. Manuel María 5.3 Uxío Novoneyra 5.4 Xohana Torres 5.5. X. L. Méndez Ferrín |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A27 A23 A17 A15 A14 A11 A10 A4 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 | 20 | 0 | 20 |
| Lecturas | A4 A3 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B5 B7 B8 C4 C6 C8 | 2 | 31 | 33 |
| Esquemas | A4 A10 A11 A15 B3 B6 B7 C4 | 7 | 8 | 15 |



| | | | | |
|---|--|----|----|----|
| Proba mixta | A2 A1 A3 A4 A7 A10 A11 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 | 2 | 30 | 32 |
| Sesión maxistral | A27 A23 A19 A17 A15 A14 A11 A10 A7 A3 A1 B1 B2 B5 B7 B9 B10 C4 C6 C7 C8 | 42 | 0 | 42 |
| Atención personalizada | | 8 | 0 | 8 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | A profesora iniciará a análise e o comentario das obras literarias incluídas na programación e solicitará do alumnado a realización de comentarios individualizados segundo as pautas establecidas. |
| Lecturas | O alumnado deberá realizar a lectura das obras literarias obrigatorias pois, para un óptimo aproveitamento das sesións, deberá ter lido os textos correspondentes. As lecturas representan, xunto ás prácticas de comentario, unha das actividades principais do curso e, como tal, serán avaliadas. |
| Esquemas | Consistirán estas prácticas na realización de resumos e fichas sobre as obras de lectura obrigada. |
| Proba mixta | Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas. |
| Sesión maxistral | Será avaliábel a asistencia activa ás aulas teóricas presenciais en que se presentarán conceptos e estratexias que posteriormente se desenvolverán nas sesións prácticas e cuxo coñecemento será esixido para a superación do curso. |

| Atención personalizada | |
|--|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas Sesión maxistral Análise de fontes documentais Esquemas Proba mixta | As profesoras encargaranse de recibir e asesorar as/os alumnas/os en todas e cada das cuestións que lles formular, ao tempo tratarán en todo momento lles facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. |

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|---|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Lecturas | A4 A3 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B5 B7 B8 C4 C6 C8 | O control das lecturas poderá realizarse mediante a entrega dos resumos ou fichas, mediante exposición oral ou cunha parte específica dentro da proba mixta. | 20 |
| Análise de fontes documentais | A27 A23 A17 A15 A14 A11 A10 A4 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 | Os comentarios de textos que se realicen na aula ou en casa polos alumnos/as poderán ser recollidos e avaliados ao longo do curso ou ben serán incluídos como unha parte específica dentro da proba mixta. | 20 |



| | | | |
|-------------|---|---|----|
| Proba mixta | A2 A1 A3 A4 A7 A10 A11 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1 | Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas. Para a realización desta proba poderá dividirse a materia en dúas partes. | 60 |
|-------------|---|---|----|

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

Para a segunda oportunidade do mes de xullo, aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que entregar, na data marcada para o exame, os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente e o traballo tutelado (no caso de o ter reprobado con anterioridade). O resto da cualificación (un 60%) basearase nunha proba obxectiva sobre o programa da materia e as lecturas obrigatorias.

Os/as alumnos/as que tiveren matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes con matrícula ordinaria polo que terán que se poñer en contacto coa profesora para fixar o tema do traballo. A presentación oral do mesmo realizarase nunha sesión de tutoría persoal. A data e hora de realización destas sesións poderán ser concertadas a través do correo electrónico.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) ou cando non asista e participe, ao menos, no 50% das sesións presenciais.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.) A.VV. (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo, A Nosa Terra - Bernárdez, C. L. et alii (2001). Literatura galega S. XX. Vigo, A Nosa Terra - Carballo Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo, Ed. Xerais - Rodríguez Sánchez, F. (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación. Vilaboa: Ed. do Cumio - Tarrío, Anxo (coord.) (). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV). Hércules de edicións, A Coruña. - Vilavedra, D. (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia <p>Obras de lectura obrigada: R. Cabanillas: Da terra asoballada. R. Otero Pedrayo: Arredor de si. Castela: Un ollo de vidro / Retrincos. Manuel Antonio: De catro a catro. Cunqueiro: Merlín e familia. C. E. Ferreiro: Longa noite de pedra. E. Blanco Amor: Xente ao lonxe. U. Novoneyra: Os Eidos. Manuel María: Documentos pessoais. Xohana Torres: Adiós, María. X. L. Méndez Ferrín: Con pólvora e magnolias. As profesoras entregarán nas aulas unha pequena selección de textos que os/as estudantes tamén deberán ler.</p> |
| Bibliografía complementaria | As profesoras facilitarán nas aulas a bibliografía e os recursos bibliográficos complementarios pertinentes para cada un dos temas e cada unha das obras obxecto de estudo nesta materia. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012

Literatura Galega Contemporánea 1/613G02024

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Poesía en Lingua Galega e Portuguesa/613G02043

Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa/613G02046

Teatro en Lingua Galega e Portuguesa/613G02047

Observacións



Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coas profesoras, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no correo electrónico: gnegro@udc.gal / carne@udc.gal.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías